

RESUMO

O noso obxectivo é facer un estudo sobre catro parroquias do concello do Corgo baseándonos nos datos ofrecidos nas Respostas Xerais do Catastro de Ensenada (1749-53), dispoñibles no Portal de Archivos Españoles do Ministerio de Cultura. A mostra estaría formada por: San Pedro de Cerceda, Santa Mariña de Cabreiros, Santo Estevo da Folgosa e San Xoán do Corgo. É preciso indicar que, debido á finalidade fiscal do propio Catastro, a maior parte dos datos son de tipo económico. Tendo isto en conta, a existencia de determinados elementos "atípicos", ou polo menos non comúns nese contexto xeográfico, permite tirar conclusións de diferente índole. En definitiva, a finalidade do traballo sería facer un retrato o máis exacto posible desas catro parroquias corguesas a mediados do século XVIII e incluso, máis aló do seu carácter especial dentro de todo o conxunto, do propio concello.

PALABRAS CLAVE

Século XVIII, Catastro de Ensenada, O Corgo, Cerceda, Cabreiros, Folgosa.

1. LIMIAR

A o abeiro do século XVIII, introducímonos nun tempo que agocha numerosas fontes documentais que permiten dar as primeiras pinceladas sobre o cadro que formaban xentes e lugares, até o momento, case impensable; e baixo a pregunta de Xiz¹, Hai un carácter especial, trazos definidos, algunha característica propia, nas xentes do Corgo? mergullámonos nunha análise de terras descoñecidas².

O punto de partida constitúe a selección de catro freguesías en función dun criterio simbólico no concello: a presenza dun pazo. Baseándonos nas procuras realizadas na web municipal e considerando, dentro da riqueza patrimonial corguesa, a diferenza entre “pazo” e “casa grande”³, foron:

(1) XIZ, X. O Corgo, *amplio horizonte*. Concello do Corgo.

(2) ARIAS VILAS, F., NOVO CAZÓN, J.L., BURGO LOPEZ, C. e SOUTO BLANCO, M.J. *Historia de Lugo*. A Coruña: Vía Láctea, 2001.

(3) Entendemos por “pazo” a “casa grande, antiga e nobre, especialmente a situada no medio rural”, mentres que a “casa grande” sería “a de xente rica ou máis importante dun lugar”, seguindo un criterio unicamente económico. REAL ACADEMIA GALEGA. *Diccionario da Real Academia Galega*. 2012. <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do> (Consultada o 23/abril/2013).

Rey Modia, Jesús.

Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago

Páramo Iglesias, M^a Beatriz.

Diplomada e Mestra en Educación Infantil pola Universidade de Santiago e Persoal Investigador en Formación da Universidade de Vigo

Agradecementos: Ao CEC por abrir unha porta ao futuro destas terras. A Hortensio Sobrado, Ofelia Rey e Concepción Burgo polas súas inestimables achegas.

Santa Mariña de Cabreiros, San Xoán do Corgo, Santo Estevo de Folgosa e San Pedro de Cerceda que, ao mesmo tempo, supoñen unha boa representación das dúas grandes xurisdicións presentes na época; á de Adai pertencen as tres primeiras parroquias; e á da Pobra de San Xiao, a última.



Ilustración 1 Páxina de presentación do Libro Real de Legos de Santa Mariña de Cabreiros. AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10409-13.

Para levar a cabo esta tarefa, empregaremos os datos ofrecidos nas Respostas Xerais do Catastro de Ensenada (1749-53), a través do Portal de Archivos Españoles, que permite un acceso rápido a esta inmensa masa documental. A partir de aquí, e empregando multitude de apoio bibliográfico, analizaremos o proceso de xestación da fonte documental e o marco xeográfico e administrativo no que se encadran esas parroquias, para pasar a unha descrición e valoración da súa poboación, economía e fiscalidade. Deste xeito, poñendo a nosa ollada no xeral e no local, nos señores e nos vasalos, tentaremos facer unha aproximación á vida dos corgueses a mediados do século XVIII.

1.1 Da suor dos campensiños, os cartos dos señores : a maraña do Antigo Réxime

O marco político-administrativo no que se insería a Galiza de mediados do século XVIII era extremadamente complexo e heteroxéneo, cunha organización de orixe medieval e que perduraría até a entrada do liberalismo⁴.

Tentar facer intelixibles os arrevesados, e moitas veces problemáticos, vínculos entre os diferentes niveis do poder señorial, a autoridade real e as institucións eclesiásticas, supón unha tarefa pouco doada, mais centrar a atención no máis próximo pode chegar a ser esclarecedor.

Así, en función da parroquia na que vivise, un campesiño do Corgo podía estar baixo o dominio da condesa de Lemos, do bispo de Lugo, do convento das dominicas desa cidade, da Encomenda de Portomarín ou de numerosos señores laicos con diferentes rangos de nobreza, que podían habitar ou non nesas mesmas freguesías⁵.

Restrinxindo aínda máis a nosa ollada cara á cartografía xurisdiccional do concello, circunscribímonos unicamente ao dominio da Casa de Lemos, cuxos estados eran case tan grandes como os que posuía o propio rei en Galiza, e que tiñan a meirande parte das terras do Corgo⁶. Ese mesmo campesiño podía habitar nunha ou outra xurisdición nas que se dividía o propio condado e que eran dirixidas por xuíces ou alcaldes ordinarios, nomeados

pola propia condesa, e tamén por mordomos pedáneos en cada unha das freguesías rurais; tamén podía habitar nun couto, a circunscrición máis pequena, suxeita directamente ao nobre en cuestión, ao que lle correspondían multitude de atribucións⁷. Tendo en conta que cada unha desas divisións e subdivisións podían non ter continuidade xeográfica e ser “interrompidas” por outras, a complexidade acentúase, e todo nos 158 km cadrados do actual concello⁸. Ademais, hai que ter en conta a organización eclesiástica que, partindo das parroquias, agrupábaas en arciprestados, até chegar aos diferentes arcediagados cos seus arcediagados e ao bispo de Lugo, cabeza da diocese.

Os diferentes monarcas continuaron o proceso de reforzamento do seu poder que levaran a cabo dende os Reis Católicos en convivencia cos diferentes graos de autonomía de todas estas figuras, aínda que os conflitos fosen frecuentes. Ao mesmo tempo, establecían as súas propias institucións para o control do Reino de Galicia, como a Real Audiencia, a Intendencia ou o Gobernador⁹.

Mención aparte merece o capítulo das cargas fiscais, coas que o estamento non privilexiado contribuía ás facendas señorial, eclesiástica e real, e que en parte dependía de todo o anteriormente dito, xa que o peso a soportar era maior ou menor segundo de quen se fose vasalo. Deste xeito, o campesiño corgués pagaríalle ao señor, ao rei, á súa igrexa e incluso a unha que non era a súa (véxase apartado de fiscalidade). Aínda así, este eido tampouco resulta simple. Por exemplo, a alcabala, que supoñía o pago dunha porcentaxe de calquera artigo que se vendese ou permutase na coroa de Castela, comezou sendo proporcional, e a Coroa acabaría permitindo o seu “encabezamiento” (é dicir, a súa conversión nunha cantidade fixa) e incluso que fose enaxenada. Por outra banda, a Igrexa fixo algo semellante co décimo, o pago dunha décima parte das colleitas, que era a renda máis beneficiosa para o clero das parroquias pero que acabou por ser cedida á nobreza, fidalgos e diferentes institucións asistenciais¹⁰.

(4) SAAVEDRA VÁZQUEZ, M.C. “Las instituciones políticas gallegas en época moderna: estado de la cuestión”. *Semata*. 2004, nº 15, pp. 131-163.

(5) PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (Coord). *O Catastro do Marqués de la Ensenada*. Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Xunta de Galicia, 2005.

(6) EIRAS ROEL, A. “El Régimen señorial en Galicia a finales de la Edad Moderna: evaluación”. *Obradoiro de Historia Moderna*. 1997, nº 6, pp. 7-49.

(7) GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J.M. “La justicia local y territorial en la Galicia del Antiguo Régimen”. *Obradoiro de Historia Moderna*. 1995, nº4, pp. 233-254.

(8) XIZ, X. *O Corgo...*

(9) SAAVEDRA VÁZQUEZ, M.C. “Las instituciones políticas...”

(10) REY CASTELAO, O. “El reparto social del diezmo en Galicia”. *Obradoiro de historia moderna*. 1992, nº 1, pp. 145-162.

1.2 As terras do Corgo: a agulla do pallar

Esta relativa uniformidade espacial e xeográfica, ao abeiro da estrutura político e estamental que conforma estas terras, permítenos estudar as características que definían o sistema, a través da análise de catro parroquias que se sitúan en puntos opostos no actual marco que configura as nosas terras.

A gran señora do territorio era Rosa María de Castro y Centurión, Grande de España, condesa

constata Eiras Roel¹³, o que lle outorgaba un peso moi considerable. No tocante ás parroquias corguesas, destacaríase a elección dos párrocos, unha escolla estratéxica, posto que estes formaban parte da súa rede clientelar e actuaban como un pilar de apoio ao seu poder, adoutrinando a poboación a través dos seus sermóns.

O criterio espacial constituíu o eixe principal de selección para poder contemplar e ter unha visión global destas terras, pero non o único. O interese que reverte unha sociedade estamental¹⁴ no Antigo



Ilustración 2. Mapa xurisdiccional do Corgo a mediados do século XVIII (adoptado de PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (Coord.). *O Castro do Marqués de la Ensenada Lugo*: Arquivo Histórico Provincial, Xunta de Galicia, 2005)

de Lemos e marquesa viúva de Aytona¹¹. A mediados do XVIII, o condado de Lemos estendíase polo interior de Lugo, onde se atopaba o solar da casa e que incluía os condados de Sarria e Vilalba; o contorno das rías de Ares e Ferrol, na Coruña, antigos dominios da casa de Andrade que se incorpora á de Lemos co IV Conde; as comarcas de Lalín e Dozón, en Pontevedra, e un núcleo no norte de Ourense, á esquerda do río Sil¹².

Dende a súa residencia en Madrid, Rosa María de Castro dirixiu os seus dominios baixo os parámetros do reformismo ilustrado, conxugando opresión e docilidade, configurando unha imaxe maternalista para os seus vasalos, que eran 27.430 segundo

Réxime, leva a escoller catro freguesías que naquel 1753 contaban coa presenza dun pazo¹⁵, que como se observará nas páxinas seguintes, non se amosa como tal no Catastro, pero si certas consecuencias da presenza de nobres e a súa relación na administración local, cos campesiños e co estamento do clero¹⁶.

Nas primeiras preguntas do interrogatorio que ocupa o instrumento de recollida de datos para a análise e reflexo de como se organizaba a sociedade rural, recóllense datos referidos á freguesía en canto dimensións e delimitacións¹⁷ do territorio, non tan dispares do que hoxe conforma o municipio de O Corgo.

(11) GALÁN ROJO, E.M. "La Condesa de Lemos: Poder e Ilustración". En: FERRER BENIMELI, J.A. (dir.); SARASA, E; SERRANO, E (coords.) *El conde de Aranda y su tiempo*. Vol. I. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, CSIC, 2000.
(12) SIMÓN LÓPEZ, M. "De Monforte a Sicilia: notas sobre las rentas de la Casa de Lemos en el siglo XVIII". En: SARASA SÁNCHEZ, E; SERRANO MARTÍN, E. (eds.) *Señorío y feudalismo en la Península Ibérica*. Vol. III. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, 1993.

(13) EIRAS ROEL, A. "El Régimen señorial...".
(14) ABUÍNARIAS, J. *Historia de Corgo*. Diputación de Lugo, 2000.
(15) O pazo de Cerceda, hoxe en ruínas; Pazo de Santa Mariña en Cabreiros; Pazo de Piñeiro en San Estevo de Folgosa; e o Pazo de Valcarce, en San Xoán do Corgo.
(16) ABUÍNARIAS, J. e GONZÁLEZ DÍAZ, J. "O pazo do Corgo". *CORGA*, 2011, N° 2, pp. 46-57.
(17) Recóllense as nomenclaturas e termos utilizados nas Respuestas Generales.

Santa Mariña de Cabreiros, parroquia que dista de norte (San Bartolomeu de Chamoso) a sur (Sta. María Madanela de Manán de Arriba) 1/6 legua; e de leste (San Pedro de Chamoso) a oeste (Santiago de Chamoso) 1/8, cunha circunferencia de 1/2 legua, que implicaba unha hora de percorrido. Os elementos marcadores, dende o leste e en sentido levoxiro serían o marco de pedra chantada, Pena Longa do Queiño, monte Ladrón, Rega da Fermosa, fonte de Albite, Pena Forcada, Abeledo, camiño de Cachamonde, regato do Bocelo, sitio do Queiño e novamente o marco de pedra chantada.

En Santo Estevo de Folgosa, a distancia en leguas de norte a sur (San Pedro de Santa Cruz do Picato a San Martín de Folgosa) era de 1/6; e de leste a oeste (Sta. María de Pacios a Sta. María de Franqueán) de 1/4. O seu perímetro quedaba establecido polos lugares de Pena da Pena Aguda, marco do Cotollón, Camiño Real, sitio do Rodelo, marco no sitio de Zarra do Lodeiro, Pedreira do Couto, Monte de Bica da cal, o regato de Escornacabras que sae desta fonte ata o río Esevira, sitio de Ponte de Silva, marco de lousa de Veiga de Ancelos, outro de Castro da Silva, e o de Bragada para rematar na primeira pena mencionada, cunha hora, 3/4 legua, de circunferencia.

San Pedro de Cerceda cuxos límites son ao norte San Estevo de Farnadeiros e o sur Sta. Cruz de Vilasante (distanto 1/8 legua); e ao leste San Xoán de Cela e ao oeste o Río Miño (cunha distancia entre estes puntos de 1/4 de legua, cun percorrido da circunferencia de 3/4 de legua, sobre unha hora). Os elementos definitorios da parroquia son a Pena do Corvo no Río Miño, Pena do Castelo, castro do Bacariza, marco dos Pedrouzos, medorra de Vañoa, río Neira e a pena do Corvo.

E por último, San Xoán do Corgo, a parroquia con maior circunferencia (1 e 1/4 de legua, é dicir, hora e media de percorrido); distaba de norte (San Fiz de Bergazo) a sur (Sta. María de Marei) 1/2 legua; e de leste (San Salvador de Castrillón) a oeste (San Cristobal de Chamoso) noutra media. O territorio queda definido polo marco do Pereira, fonte de Serín (debaixo da casa de Xoán Díaz), Rega da Traíña, lagoa Vella, Veiga de Lamas, marco de Tras da Agriña de Lamas, Escairo do Conde, Pasos de Lama Longa, Airarría, Chavide, Garandelas, marco de Seijo Blanco, medorra de Carballeira de Bascuas, poza dos Labancos, medorra do Corgo e de volta no primeiro marco.

2. O CATASTRO DE ENSENADA

2.1 Pegadas inmediatas do pasado

Cando o obxectivo do estudo pasa por achegar unha dinámica dunha poboación, faise máis que necesario procurar documentos que conformen unha fonte de datos, un esbozo da realidade a estudar. Temos a sorte de contar cun documento dun prodixioso valor, as Respostas Xerais do Catastro de Ensenada, primeiro gran censo e recompilación de datos da Coroa de Castela no século XVIII.

As inxustas e complexas rendas provinciais ás que estaban sometidas todas as xentes de Castela levaron a que se puxese en marcha un proxecto de reforma fiscal que as substituiría por un único imposto que deron en chamar a Única Contribución. O pensamento dos primeiros ilustrados que se estaban a establecer en Europa, acrecentou a necesidade de poñer orde na Real Facenda¹⁸, o que levou a Fernando VI ditaminar o Decreto do 1749 que sentaba as súas bases nunha contribución axustada as riquezas de cada quen. Dando os primeiros pasos para estendela por todo o territorio e dar por finalizado o caos fiscal que asolaba as terras da Corgo, Fernando VI ordena baixo a súa dirección e impulso político a Cenón de Somodevilla y Bengoechea, Marqués de la Ensenada¹⁹, a realización dunha indagación que levaría por nome o de Catastro de Ensenada.

Os fundamentos que desta reforma se desprendían non eran flamantes nin innovadores, pero a súa orixinalidade radicaba na determinación de poñelas en marcha, como facía saber Fernando VI: *“No ha sido nueva la idea, pero acaso será vuestra Magestad el único soberano que la establezca con tanta formalidad y conocimiento de las partes más mínimas de sus dominios, y con la equidad de haber ocupado muchos vasallos honrados en años calamitosos, dejando beneficios a los pueblos con sus precisos consumos en lugar de gravarlos con un solo maravedí”*.²⁰

Camarero Bullón sinala como único eixo da análise as rendas provinciais, que afectaban a todos e, sobre todo, aos produtos básicos, causan-

(18) CAÑADA, S. *Gran Enciclopedia Galega*. Pontevedra: El Progreso Diario de Pontevedra, 2003.

(19) CAMARERO BULLÓN, C. “El Catastro de Ensenada, 1749-1759: diez años de intenso trabajo y 80000 volúmenes de manuscritos”. *Catastro*, 2002.

(20) CAMARERO BULLÓN, C. “El catastro...”

tes de todo tipo de abusos e calumnias, onde residía a “verdadeira riqueza”²¹. O estudo abrangue as vinte e dúas provincias que compoñían a Coroa de Castela durante os anos 1750 e 1754 en canto a bens e dereitos.

que en Galiza quedaría fixada na freguesía ou parroquia, e non por concello, como no resto de Castela²³. Quedaba así aberto o prazo para a entrega de toda a documentación e declaración.



Ilustración 3. Real Decreto de Fernando VI de 10 de octubre de 1749, *Real Decreto de su Majestad para que con arreglo a la Instrucción, Formularios y Planes que le acompañan se averigüe los efectos en que puede fundarse una sola Contribución para el mayor alivio de sus Vasallos, en lugar de las que componen las Rentas Provinciales*. AHN, Consejos, Libro 1510, Folio 16.

Hoxe cunha crédula ollada pode parecer unha información incompleta e imperfecta²², pero conformaba unha radiografía do que semellaban os principios e piares dunha sociedade e dun estado modernos. Malia non acadarse nin o froito fiscal buscado nin a transformación económica, serviu para que hoxe poidamos coñecer, imaxinar e voar sobre o que foron as nosas terras.

2.2 Corenta respostas e algunha mentira

Para dar resposta á configuración dese mapa de veciños e bens elaborouse un interrogatorio de corenta preguntas (ver ilustración 3) ás que respondería todo veciño sen importar o estamento.

Un aspecto pouco indagado sobre o catastro, é todo o enxame organizativo e regulado que disto derivou. Comezando cunha carta, pregón e bando, dábase por anunciada a data de chegada do equipo catastrador, á unidade territorial catastral. En canto a isto, afloraban moitas dificultades para determinar que formaba unha unidade catastral, derivado da dispersión da poboación, polo que se determinou

As preguntas pretendían obter respostas formais sobre aspectos moi diversos da poboación, quedando distribuídas na seguinte táboa (táboa 1).

Chegado o día comezaba unha auténtica “caza de bruxas” onde todas as respostas dadas (que compoñían as Respostas Xerais) eran corroboradas, medíanse as casas, comprobábanse os datos, facíase conta de gando e terras, para confeccionar os diferentes documentos que conformaban o proceso, e finalizar cunha lectura íntegra en “*concejo abierto y público*”. Estes documentos eran:

-“*Libros Reales*”, de *Legos* e de *Eclesiásticos*, que recollían todos os bens e as rendas de cada individuo, no primeiro sobre os seculares, e nos segundos sobre os membros do clero (ver ilustración 4).

-“*Libros Personales*”, que mostraban os datos familiares de cada cabeza de casa, e o seu estado civil, idade, profesión, estamento, número e idade dos fillos e profesión, distinguindo tamén entre libros de *Legos* e de *Eclesiásticos* (ver ilustración 5).

(21) DONEZAR DIEZ DE ULZURRUN, J.M. “El Catastro de Ensenada y su proceso de formación (1750-1760)”. *Revista de la Facultad de Geografía e Historia*, 1989, nº 4, pp. 207-224.

(22) DOMÍNGUEZ ORTIZ, A. “El Catastro de Ensenada en su circunstancia”. *Catastro*, 2002.

(23) PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (Coord). *O Catastro do Marqués...*

ANÁLISE DAS TERRAS DO CORGO A MEDIADOS DO XVIII A PARTIR DAS
RESPOSTAS XERAIS DO CATASTRO DE ENSENADA

Ámbito de resposta		Preguntas
Datos contextuais e demografía	Nome da poboación	1 Como se chama a poboación
	Xurisdición	2 Se é de realengo, de señorío, a quen pertence, que dereitos percibe e canto producen
	Extensión e límites	3 Que territorio ocupa de norte a sur e de levante a poñente, cantas leguas e horas de circunferencia, que límites e a figura que ten
	Medidas de superficie e capacidade que se usan	9 Que medidas de terra se usan, a súa equivalencia en varas <i>castellanas en cuadro</i> , e que cantidade de cada especie de grans se sementa
		10 Que número de medidas de terra hai, por especie e por calidade
	Censo de poboación, con veciños, xornaleiros, pobres de solemnidade, censo de clérigos	21 Que número de veciños compón a poboación, e cantos en casas de campo
		35 Que número de xornaleiros hai e o seu xornal diario
		36 Cantos pobres de solemnidade hai na poboación
		38 Cantos clérigos hai
Actividade agraria e gandeira	Tipos de terra	4 Que especies de terra hai, se de rego ou secaño, distinguindo de hortaliza, sementeira, viñas, pastos, bosques, montes e número de colleitas
		5 De cantas calidades de terra hai en cada unha das especies
	Árbores	6 Se hai algún plantío de árbores en terras
		7 En que terras están plantadas
		8 Como están feitos eses plantíos
		13 Cal é o seu valor
	Produtos agrícolas	11 Que especies de froitos se collen
		12 Que cantidade de froitos de cada xénero se recolle por ano e calidade
	Gandos	18 Se hai esquilmo, a quen pertence, número de gando e utilidade
		19 Se hai colmeas, cantas e a quen pertencen
		20 Que especies de gando hai e se algún veciño ten habenza.
Infraestruturas	Minas, salinas, muíños e outros “artefactos”	17 Se hai minas, salinas, muíños fariñeiros ou outros artefactos, distinguindo de que metal, e o seu uso e utilidade que produce
	Conventos	39 Se hai conventos, de que relixión e o número de cada un
	Casas e outros edificios	22 Cantas casas hai na poboación, cantas en ruínas, e se hai de señorío
	Hospitais	30 Se hai hospitais, de que calidade, que renda e de que se manteñen
Actividades complementarias	Actividades industriais e comerciais	29 Cantas tabernas, mesóns, tendas, panadarías, carnizarías, pontes, barcas, mercados, a quen pertencen e que utilidade teñen ao ano.
	Oficios	31 Se hai algún comerciante, mercader ao por maior, etc., e que utilidade ten ao ano
		32 Se hai algún tendeiro de panos, roupas de ouro, prata e sedas, lenzos, especias ou outras mercadorías, médicos, cirurxiáns, boticarios, notarios e arrieiros e a súa ganancia
		33 Que ocupación de artes mecánicas hai, como albaneis, canteiros, veterinarios, ferreiros, zapateiros, xastres, etc., explicando o número que hai e a súa utilidade ao día
		34 Se entre os artistas, algún fai prevención de materiais do seu oficio, para vender ou facer algún comercio e a utilidade
	Embarcacións	37 Se teñen embarcacións de mar ou río, o seu porte, uso, dono e a utilidade ao ano
Fiscalidade e outros	Décimos e primicias	15 Que dereitos hai nos impostos sobre as terras e a quen pertence
	Bens propios do común	23 Que propios ten o Común, e a que ascende o seu produto
	“Sisa” se arbitrios	24 Se o Común goza de arbitrio, “sisa”, que cantidade produce, a que fin se concede, sobre que especies e o seu produto
	Gastos do común	25 Que gastos debe satisfacer o Común (como salarios, festas, empedrados, fontes)
	Impostos	26 Que cargos de Xustiza ten o Común, como censos, o seu importe e o motivo
		27 Se está cargado de Servizo Ordinario e Extraordinario
		15 Que valor teñen eses froitos
		16 A que cantidade de froitos adoitan montar os referidos dereitos de cada especie
	Bens traspasados Rendas propias do Rei	28 Se hai empregos, ou outras rendas traspasadas, a quen, de canto e o que producen
		40 Se o Rei ten no termo algunha finca ou renda, cales son, como se administran e canto producen

Táboa 1 Ámbitos e preguntas do Interrogatorio (elaboración propia).

Especies.	Calides.	Productos en R. V.	Clases.
Reales. Matares.			
Alfalfa	2 ^a	15	4 ^a
Alfalfa	2 ^a	3	1 ^a
Alfalfa	4 ^a	12	3 ^a
Alfalfa	4 ^a	7	5 ^a
Alfalfa	2 ^a	4	3 ^a
Alfalfa	1 ^a	35	2 ^a
Alfalfa	2 ^a	3	7 ^a
Alfalfa	3 ^a	2	17 ^a
Alfalfa	4 ^a	6	6 ^a
Alfalfa	2 ^a	4	4 ^a
Alfalfa	4 ^a	28	4 ^a
Alfalfa	2 ^a	47	4 ^a
Alfalfa	3 ^a	5	4 ^a

Ilustración 4. Cadro das clases de especies, calidades e produtos do Libro Real de Legos de San Estevo de Folgosa. AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10203-15.



Ilustración 5. Páxina da presentación do Libro Persoal de Legos de San Xoán do Corgo, na que se comeza a relación dos nobres da freguesía con Juan Valcarce Neira y Osorio. AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10318-14.

-“Mapas” ou “Estados Generales” de cada lugar e de cada provincia, que conformaban un resumo a grande escala de todos os datos recollidos.

O volume de todas as cifras que se derivaban desta profunda análise ten que ser posto en dúbida²⁴. A dispersión xeográfica e o carácter da poboación (en canto ao afán de dispor dunha maior parte do seu produto, canto máis cando as colleitas non foran as desexadas) facilitaban a ocultación e a fraude no momento da declaración de bens. Pero os campesiños eran sabedores doutras peripecias para isto: a eficacia da vixilancia fiscal²⁵. O descoñecemento por parte do perceptor dos volumes reais das colleitas habituais, as súas peculiaridades e normas, xunto coa dificultade da policultura, facilitaban a mentira e o engano. De aí que o proceso de corroboración e o nomeamento do persoal encargado forma un momento clave do proceso, existin-

do sanción de 200 escudos e a correspondente pena en caso de demostrarse malicia. Xurdía para tal unha estrutura estamental no ámbito estatal e no municipal²⁶.

Nas freguesías da xurisdición de Adai o subdelegado da Intendencia Xeral de Galicia na cidade e provincia de Lugo era D. José Rafael Pardo Rivadeneira y Montenegro; o comisionado da Real Junta de la Única Contribución, ordenador dos Reales Exércitos de S.M e o seu ministro principal para o seu establecemento neste reino era D. Juan Felipe de Castaños; o merino e xustiza ordinaria da xurisdición, experto na freguesía, era D. Juan Valcarce Neira y Osorio, xunto cos escribáns Juan Valcarce y Cedrón e Agustín de Mella; e as testemuñas, D. Domingo Belo, D. Manuel Rey e D. Manuel Blanco, da Coruña. Agora ben, os peritos nomeados pola S.M, os nomes do común e o representante do clero diferían dunha freguesía a outra, o que queda reflectido na seguinte táboa (táboa 2):

(24) SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. “La administración de las rentas provinciales en la Galicia del s. XVIII. *Semata* 2004, nº 15, pp. 395-419.

(25) FERNÁNDEZ PRIETO, L (Ed.). *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia Contemporánea*. Vigo: Xerais, 2000.

(26) PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (Coord). *O Catastro do Marqués...*

	Santa Mariña de Cabreiros	San to Estevo de Folgosa	San Xoán do Corgo
Peritos	D. Benito González de Ribadeo	Domingo Alonso Mondoñedo	Manuel Fernández
Nomes do común, expertos na freguesía	D. José Díaz Rivera	Juan López Tallón	Domingo Díaz Caldeiro
Clero imparcial	Pedro López	D. Manuel Jacob	D. Juan Mouriz

Táboa 2. Relación de peritos, nomes do común e clero nas freguesías da xurisdición de Adai (elaboración propia).

Os representantes para a freguesía de Cerceda, por pertencer a unha xurisdición diferente, son D. José Marcos Bernardo Quirós como subdelegado para o establecemento da Real Única Contribución neste Reino, no departamento de Juan Felipe de Castaños; D. Manuel Díaz, mordomo pedáneo da freguesía; D. Manuel Pardo como experto e habilitado polo común; o perito, Juan Antonio de Permuy, o escribán Francisco Raposo; o cura párroco, persoa imparcial, D. Diego Ignacio Ayra e finalmente como testemuñas D. Francisco Quirós, D. Felipe Buxán e Manuel Rodríguez.

A confección deste “mapa” e a variabilidade dos datos tiña un gran peso de traballo e funcionarios que non sempre se traducía nunha coordinación contra as formas de ocultación. É máis, as últimas decisións da *Junta* presentaban un método anual de actualización dos datos que consistía en que serían os veciños os encargados de avisar cada ano dos cambios que xurdiran, o que non faría máis que agravar que os datos recollidos non foran o espello da realidade²⁷.

3. ESBOZOS DAS TERRAS CAMPESIÑAS

As características de tipo agrario, e en xeral, económico das parroquias seleccionadas, insírense dentro do contexto da Galiza interior: unha agricultura extensiva tradicional, con presenza de actividades complementarias a ela, pero sempre á sombra do traballo da terra. Isto non quere dicir que non conforme unha serie de pautas definitorias do comportamento da poboación nesta zona, que non fan máis que corroborar ese marco.

3.1 Demografía

A análise demográfica pasa por esclarecer o tipo de unidade familiar que existía na zona de estudo. No caso do Corgo, segundo indica Sobrado Correa²⁸, convivían dous tipos de familias. Por un lado a tradicional familia nuclear, formada polo matrimonio e os seus fillos e fillas, e tamén viúvas cos seus respectivos²⁹. E por outro lado, case a metade do total da poboación quedaba conformada por familias complexas e múltiples (a importancia porcentual de grupos domésticos complexos no Corgo era do 48.3%). A difícil posibilidade de emancipación, derivada das prácticas sucesorias, era a principal causa de que fogares cun núcleo en orixe simple, se tornaran finalmente en complexos pola chegada de celibatos e celibatas, entre outros. Xorde así o problema de establecer un coeficiente de conversión, no noso caso, de unidades familiares en número de habitantes. Os diferentes traballos publicados que versan sobre o tema, utilizan unha taxa ou outra segundo a zona na que se traballe e a propia natureza do traballo, para facer fronte a esta adversidade.

É por isto que, ante a moi marcada dualidade que existe nas terras do Corgo, tomamos un coeficiente de conversión estándar para as familias do interior lucense de 5.3 membros por fogar que presenta Sobrado Correa³⁰, tendo en conta que as cifras resultantes serán unha aproximación á realidade daquel momento.

(27) CAMARERO BULLÓN, C. “El Catastro de Ensenada...”

(28) SOBRADO CORREA, H. “Transformaciones agrarias, estrategias hereditarias y crecimiento demográfico en las tierras lucenses, 1750-1860”. *Obradorio de Historia Moderna*, 1998, nº 5, pp. 7-40.

(29) CAMARERO BULLÓN, C. “El Catastro de Ensenada...”

(30) SOBRADO CORREA, H. “Transformaciones agrarias...”

O Catastro de Ensenada, na pregunta 21, reflexa o número de veciños, entendendo este termo como unidade familiar. Polo tanto, utilizando ese coeficiente citado, en San Xoán do Corgo, con 22 veciños, habitaban 117 habitantes; en Folgosa, 23 veciños, polo tanto 122 habitantes; Cabreiros, 12 veciños, 64 habitantes; e en Cerceda, a freguesía de maior peso, 27 veciños, 143 habitantes. É máis, no proceso de recollida de información que conformaba o Catastro de Ensenada, asentábanse estes datos no Libro Personal de Legos, amosando o nome do cabeza de familia, a idade, estado civil, e as restantes persoas que vivían con el e a súa relación.

Á hora de falar dos pobres, é preciso termos en conta que, baixo esta denominación, incluíanse grupos moi variados de persoas. No caso concreto do Catastro de Ensenada, a pregunta 36 refírese unicamente aos pobres de solemnidade que tiñan un lugar de residencia, o que non implica que sexa o número total de pobres que houbese nesa parroquia. Os datos reflicten que residían dous en Cerceda, e un en Folgosa, freguesías con maior número de habitantes. Malia os problemas que traería a denominación empregada para referirse aos grupos pobres da poboación, este baixo número concorda coas cifras de pobres no rural, xa que era nas cidades onde estaban sitas as institucións asistenciais e benéficas.

A pregunta 38 fai referencia ao número concreto de clérigos que vivían nesas freguesías. Fóra das referencias aos curas párrocos que podían vivir ou non na propia parroquia³¹, por, entre outros motivos, as non moi elevadas ganancias que tiñas en xeral na provincia de Lugo³², cómpre destacar a existencia de patrimoniais. Tratábase de clérigos expectantes que non tiñan cura de almas, é dicir, que non tiñan unha parroquia asignada; contaban cun patrimonio propio e suficiente que lle cedía a familia, para poder dedicarse á labor eclesiástica dentro da burguesía urbana ou, neste caso, das familias fidalgas, que empregaban esta vía para integrar algún dos seus membros no estamento eclesiástico, probablemente relacionado coa presenza de pazos nas parroquias de San Xoán do Corgo, na que aparecen Diego Díaz Trebolle e Froilán de Neira; e a de Folgosa, con Juan Díaz Toirán.³³

3.2 Economía

A riqueza indagada nas respostas do Catastro organizábase en dous ramallos, o denominado do real (bens e dereitos) e o do industrial-comercial (utilidades e beneficios derivados da actuación profesional, fose de tipo artesanal, liberal ou comercial³⁴). Así, determínase a análise da actividade económica en base a esta distinción. Esta taxonomía permite corroborar e achegármolos a un sistema de produción e a unha vida material que determinará moitos aspectos da vida cotiá³⁵

3.2.1 Do real: agricultura e gandería

A principal actividade económica de todas as freguesías que nos atinxen é, como na maior parte do interior lucense, a agricultura, claramente extensiva e con rotacións moi elementais, características recollidas nas respostas que parecen garantir, corroborar e reflectir esta tendencia.

Para simplificar a valoración das terras, estableceuse unha clasificación destas en base ao rendemento derivado, aos produtos cultivados, o seu prezo e o ciclo de cultivo practicado. Traducíase en terras de calidades diferentes (primeira, segunda e terceira). O trazo definitorio das terras das freguesías a estudar estaban determinadas por sementeira de secaño, prados de secaño e regadío, bosques, montes abertos e pechados, hortas e devezas (ver gráfico 1). O porcentaxe de terras de rendemento elevado, as cortiñas, non se reflicte, o que indicaba unha pobreza xeneralizada das mesmas.

Como curiosidade, nos Libros Reais de Legos e Eclesiásticos á descrición das propiedades de cada unha das persoas referidas, acompañábase un pequeno esbozo da forma e contorna das mesmas.

O sistema agrario caracterizábase nas nosas terras por unha rudimentaria e básica agricultura extensiva cunha colleita ao ano, sen intermisión nas terras de primeira calidade. Nelas, o centeo empeza a desprazar a cereais de menor calidade como a avea pola súa maior resistencia e adaptabilidade ao clima e ao terreo³⁶; e os nabos cobraban unha

(31) O párroco de Santa Mariña de Cabreiros, vivía en San Fiz de Paradela e o de San Xoán do Corgo en San Cristobal de Chamoso.

(32) REY CASTELAO, O. "El reparto social del diezmo en Galicia". *Obradorio de historia moderna*. 1992, nº 1, pp. 145-162.

(33) GONZÁLEZ LOPO, D.L. Apuntes da materia da Licenciatura de Historia na Universidade de Santiago "Fundamentos de historia social e económica". Documento policopiado, 2007.

(34) CAMARERO BULLÓN, C. "El Catastro de Ensenada..."

(35) SOBRADO CORREA, H. "Economía campesina, prácticas sucesorias desigualitarias y familia troncal en la Galicia de la Edad Moderna". *Obradorio de Historia Moderna*, 1998, nº 7, pp. 201-224.

(36) SOBRADO CORREA, H. *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna: economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001.




Gráfico 1. Distribución das terras de Cabreiros segundo tipos e calidades (elaboración propia).




Ilustración 6. Imaxe dunha páxina interior do Libro Real de Legos de San Pedro de Cerceda, na que se describen os "Emolumentos do Común" e o esbozo dunha parcela de 200 ferrados de monte de primeira calidade. AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10865-03, Folio 279.

notable importancia por ser alimento de dobre uso, para o gando e para os campesiños. No caso das segundas e terceiras calidades da terra, dominaba o barbeito, un ano de descanso, no que o centeo tiña o predominio absoluto. Pero ben certo é que no caso de Cerceda, as terras eran de primeira calidade dedicadas unicamente á sementeira de secaño (consultar datos das outras parroquias no gráfico 2).

calidades (primeira e segunda), con produtos básicos como as coles e os nabos. Cabe citar que o Catastro non inclúe as patacas, pois a súa introdución foi máis tardía.

Xunto cos cereais e os produtos da horta, destacaban as árbores froiteiras cun protagonismo do castiñeiro do que se vendían tanto castañas secas




Gráfico 2. Distribución das terras de sementeira por calidades en Cabreiros, Folgosa e Corgo (elaboración propia).

Este predominio do centeo, dentro da vital produción de cereais, tradúcese na existencia dos muíños fariñeiros dunha soa roda, dous en San Xoán do Corgo, propiedade de Juan Díaz, no lugar de Curral, que traballaba dous meses ao ano; e o outro de José Fernández, veciño de San Andrés de Chamoso, no lugar de Cerdeiroas, que funcionaba un mes ao ano; e en Folgosa, Domingo Caldeiro y Díaz posuía un no lugar de Amarega.

A agricultura intensiva, lonxe do concepto que se ten hoxe, non tiña apenas presenza. Porén, nas parroquias de Cerceda e Folgosa, marcaban a diferenza as terras destinadas a cultivos hortícolas, que malia non seren moitas, proporcionaban unha serie de produtos que complementaban a alimentación do campesiño e posibilitaban un maior rendemento da terra. Concretamente, nesta segunda parroquia só existían hortas das mellores

como verdes (produto fundamental da dieta campesiña, complemento ao pan co propio cereal), que era o único froito ao que se lle atribuíu unha utilidade (un beneficio de un real)³⁷ para o ferrado de castañas verdes, e oscilando entre catro reais en Folgosa e cinco de Cerceda para as secas). Tamén se recolle, nas preguntas 6, 7, 8 e 13, a presenza de cerdeiras, pereiras, maceiras e guindeiras, excepto en Cerceda, onde só existían castiñeiros. Grandes extensións de primeiras e segundas calidades formaban bosques de carballeiras, alamedas en Cerceda, e soutos en Folgosa. E por último, os prados que, a pesar de seren escasos, compensábanse co monte³⁸. Cerceda,

(37) A maioría dos prezos referidos no Catastro son dados en reais de vellón, unha moeda de conta que se empezou a usar en Castela nos anos corenta do século XVIII, para reorganizar os valores do ouro e da prata. Tiña unha equivalencia de 34 maravedís, moeda de orixe medieval que foi tanto física como de conta.

(38) SOBRADO CORREA, H. *Las tierras de...*

era a parroquia onde os de herba proporcionaban un rendemento mais salientable, regulándose en 15 reais de vellón o ferrado de prado de primeira calidade, 10 o de segunda e 5 o de terceira. En Cabreiros e San Xoán do Corgo o beneficio dun carro de herba seca era de 12 reais de vellón.

No Antigo Réxime, en terras lucenses, a actividade agrícola mantiña unha clara relación coa gandería, e o resultado de ambas as dúas actividades era fundamental para a subsistencia. O Catastro de Ensenada, nas preguntas 18 e 20 pretende procurar as especies de gando que existen en cada parroquia e a utilidade e beneficio que se extrae tanto da súa cría como do seu produto, e indaga tamén se existe rapa de ovellas, se se practica a parzaría e en que condicións. Pero non achega datos sobre o número de cabezas de gando; así a todo, Sobrado Correa³⁹ ofrece unha cifra de cabezas de gando por veciño de 5.6 para O Corgo, inferior á súa media de 6.8 para as terras do interior de Lugo.

Nas nosas parroquias atopamos un conxunto variado de cabezas de gando, como bois, carneiros, cochos, ovellas, tenreiros, vacas e novelos, así como cabras, cabritos e cordeiros en San Xoán do Corgo, Cerceda e Folgosa, machos cabrúns en Cerceda e eguas nesta última e en San Xoán do Corgo.

O gando perfílase como o aditamento perfecto aos non moi abundantes excedentes agrícolas. O tamaño da habenza viña determinado, na súa maior parte, pola superficie de monte e terreos. É preciso facer referencia á importancia do monte, tanto comunal como pechado - iso que o Catastro denomina *abierto y cerrado* -, xa que constituía tamén un fundamento inescusable do sistema agrario. O aproveitamento dos seus recursos era imprescindible para a continuidade das pequenas explotacións, que conformaban a inmensa maioría do agro galego. Del extraíase toxo, base do estrume de primeira calidade, froitos, caza, explotación de canteiras e carbón vexetal, e como non, a leña e a madeira (da que se obtían na parroquia de San Xoán do Corgo 3 reais de vellón por carro). En Cabreiros, un 16.5% da superficie é monte; en San Xoán do Corgo, determínanse 799

ferrados del⁴⁰, en Folgosa un 30%⁴¹, e non se especifican datos en Cerceda.

As vacas eran a especie de maior significación económica, e ás que se lle reservaban os mellores pastos, pero os cabalos adaptábanse mellor ás condicións do monte. Era frecuente ademais o pastoreo en común do gando ovino e caprino⁴². A continuación detállanse uns aspectos concretos de cada unha das habenzas.

A forza de tiro nas labores do campo, o gando vacún, era o máis popular, e polo tanto o que ofrecía maior beneficio, fonte de esterco, de alimento e de reais. En Cerceda constátase a venda de cuartillos de carne, leite e manteiga; o prezo destes dous últimos oscilaba entre os 6 e 10 reais de vellón. Os datos recollidos semellan que a actividade gandeira estaba orientada cara a crianza de tenreiros, posto que os campesiños non tiñan presa por desfacerse de animais novos, que se mantiñan ata que fosen novelos de dous ou tres anos. Obteríase por un boi desa idade preto de corenta reais, e sendo vaca algo máis de quince nas de maior idade.

Malia ser o máis relevante economicamente, non era o máis numeroso. Este era o ovino caprino, destacando ovellas e carneiros, cuxa abundancia débese ao baixo custo da súa cría e da súa alimentación. Obtéñense deles leite, carne, peles e la, valendo nas nosas terras un cuartillo de libra desta 8 marabedís; en Cerceda, unha media libra custaba medio real.

Aínda que escaso, o gando porcino era moi popular polo seu baixo prezo, a súa alimentación simple e o gran aproveitamento que del se facía. Un dos produtos máis valorados era o cocho ceibado, que custaba 22 reais de vellón nas nosas freguesías, exceptuando Cerceda, onde se constata a presenza de leitón ceibado, cun prezo de 30 reais de vellón.

Por último, cabe citar o de menor número, máis o de maior beneficio, o gando equino, que se recolle en Cerceda, Folgosa e San Xoán do Corgo, parroquias nas que podería estar relacionado coa

(39) SOBRADO CORREA, H. *Las tierras de...*

(40) Non é posible calcular unha porcentaxe correcta en relación ao total da superficie por non coincidir a suma do desglose de ferrados co total que indica o catastro.

(41) Porcentaxe derivada da suma total dos ferrados das distintas superficies e calidades de terra, que varía lixeiramente do total ofrecido polo catastro.

(42) BALBOA, X. *O monte en Galicia*. Vigo: Xerais, 1990.

presenza de fidalgos, arrieiros e eclesiásticos, que o utilizarían para o seu oficio e desprazamentos⁴³. En San Xoán do Corgo as muletas de crianza (tanto machos como femias) son reguladas en 100 reais de vellón entre 1 e 3 anos, e 80 entre 3 e 4 anos; e en Cerceda as muletas, como animais empregados polos campesiños nas súas angueiras, 50 para os primeiros, e 100 para os segundos.

Aínda que no século XVIII constátase a presenza de aves de curral (véxase galiñas, patos e gansos) en diferentes inventarios⁴⁴, o Catastro non os reflectía como gando, pero si como produto (un par de capóns regulábase en 4 reais e a galiña entre 1.5 e 2). Pero revela gran importancia a apicultura, moi estendida na provincia de Lugo, na pregunta 19, que tiña como obxectivo coñecer o número de colmeas. Delas se extraía mel para consumo propio, edulcorante e remedio médico, que tiña un prezo de 3 reais, igual que a cera e o propio enxame. En todas as parroquias atopamos un propietario de colmeas maioritario. Así, en Folgosa, do total de 73 colmeas, Xosé Cancela tiña 42 (un 57%); en Cerceda, Inés Mourenza, tiña 24 de 40, que se corresponde cun 60%; en San Xoán do Corgo, o señor do pazo e xuíz da xurisdición posuía de 21 colmeas 10, case a metade. No caso de Cabreiros, so había tres, todas en mans de Francisco de la Vega, nobre segundo o Real de Legos desta freguesía. Tamén era habitual a presenza de nobres entre os propietarios do resto das colmeas.

E xa para rematar, aínda que a parzaría, isto é, o reparto de beneficios e produtos entre o propietario do gando e o que fai uso del, era común, non era maioritaria, xa que a gran parte do gando era propiedade dos agricultores. A que nos atinxe é a parzaría de bois, polo seu rendemento como forza de tiro na actividade agrícola. No interior de Lugo, como regra xeral, non se practicaba a parzaría a medias⁴⁵, pero si aparece nas nosas freguesías. Existían certas peculiaridades: en San Xoán do Corgo, constátase a presenza de, ademais de bois, muletas, máis non se especifican en que condicións; en Folgosa coexistían a parzaría a medias de bois e ao cuarto⁴⁶ das ganancias do resto de

animais (pero non se di de cales en concreto). Por último en Cerceda, aparecen bois en apazaría, pero non se lles regula utilidade porque *“no se considera utilidad alguna compartible entre el dueño y los aparceros por ser su aumento tan accidental como su minoración”*⁴⁷.

3.2.2 Do industrial

A actividade agropecuaria erixíase como a ocupación maioritaria dos corgueses, aínda que tamén se constatan actividades complementarias nalgunhas das parroquias. A existencia ou non delas dependía en grande medida do tamaño dos núcleos familiares, xa que era nas familias grandes nas que a dispoñibilidade de man de obra para estes labores era maior, sendo sempre a tempo parcial⁴⁸.

O groso das actividades artesanais atopámolo unicamente en Cerceda, onde encontramos un zapateiro, un xastre e un tecedor, as actividades téxtiles máis comúns. Francisco Díaz exercía como xastre dous meses ao ano, polo que percibía dous reais de billón ao día. No caso dos tecedores, eran Domingo Manán, xunto con Inés Mourenza, os que desempeñaban este oficio durante dous meses por un real de billón ao día. A presenza feminina, neste caso dunha viúva, vén dada por unha maior taxa de celibato neste sector da poboación, e tamén pola súa presenza en familias complexas. Encargábase do calzado dos habitantes de Cerceda Juan da Costa, que traballaba durante dous meses ao ano cobrando dous reais ao día.

Na parroquia de Folgosa, existía outra forma de negocio: a taberna. Nela vendíanse produtos de abastecemento en xeral, incluíndo viño, palla e candeas, e incluso funcionaba como pousada pero, sobre todo, como lugar de reunión. É destacable que o Catastro oculte a existencia de moitas das tabernas e, cando non o fai, só achega a súa utilidade ou aluguer, como neste caso.

O propietario das dúas que había alí, Andrés Arias, pagáballes 100 reais de vellón á Coroa. O mesmo Andrés Arias aparece referido na resposta á pregunta 32 como “sisero”, o que lle reportaba a

(44) SOBRADO CORREA, H. *Las tierras de...*

(45) Metade do beneficio asignábaselle ao propietario, e a outra metade ao campesiño.

(46) Correspóndelle tres cuartos dos beneficios ao que pon as cabezas, e o cuarto restante para o coidador.

(47) AGS, CE, RG, Lib.172, Leg. 505

(48) SOBRADO CORREA, H. “Economía campesina...”

mesma cantidade ao ano. A explicación a esta circunstancia radica no sistema do cobro do servizo de millóns, un imposto real que era bastante gravoso para os veciños. En orixe foi extraordinario, pero acabou sendo frecuente, polo que se tivo que establecer un sistema de cobro indirecto: a “sisa”, un sobreprezo en determinados produtos de primeira necesidade, por exemplo, o viño. Deste xeito, as tabernas, que adoitaban ser dereito do común dos veciños, o máis habitual era que llas arrendasen a un particular, o chamado “sisero”⁴⁹, que garantía o monopolio do abasto desa freguesía a cambio de facerse cargo do que cada veciño tería que pagar polo servizo de millóns. Isto chegou a ser tan vantaxoso que as xurisdicións que non tiñan taberna, trataron de establecela, ás veces coa oposición de circunscricións limítrofes, para non repartirse o encabezamento da “sisa”.

Neste caso, o valor do arrendamento da taberna estaría ligado a un tráfico comercial pouco intenso, pese a que o Camiño Real cara á provincia da Coruña pasaba por esta parroquia. En San Xoán do Corgo atopamos un oficio relacionado con este feito, o de arrieiro, desempeñado por Pedro Valcarce, labrador. O beneficio que obtiña, 260 rs.v., probablemente dependía do tempo de actividade, dos produtos transportados, número e tipo de cabalarías e a viaxe de retorno con ou sen mercadorías. Era una actividade estacional e parcial durante épocas de inactividade agrícola, que supoñía una pequena rede comercial⁵⁰.

Nunha sociedade rural como a analizada, apenas si había uns cantos veciños cuxa ocupación fora allea ás xa mencionadas. Falamos das actividades administrativas no principal núcleo da xurisdición, San Xoán do Corgo, e polo tanto de actividades ligadas á xestión da mesma. Alí, o xa referido Juan Valcarce era xuíz da xurisdición, e percibía 300 reais de billón ao ano.

3.3 Fiscalidade

Inevitablemente unido ás actividades agrícola e gandeira, xunto coas diferentes actividades artesanais complementarias, está o cumprimento dos deberes fiscais, que inclúen cargas señoriais, cargas fiscais e rendas propias da terra⁵¹ que, en

distinto grao, condicionaban a actividade desempeñada polo labrego⁵².

No que se refire ás cargas señoriais, as de menor significación por seren pagadas en metálico, as Respostas Xerais referentes ás devanditas parroquias céntranse en dúas en concreto: o dereito de vasalaxe e o pedido.

O primeiro, como indica Eiras Roel⁵³, adoitaba supoñer un real de vellón por cabeza, o que indica que a contía a pagar por esa freguesía estaría ligada ao número total de veciños. Tendo en conta que as cantidades dadas polo Catastro non se axustan ao número destes, o cobro desta renda era un pouco superior nas nosas parroquias, posto que os 140 reais de vellón que pagaba Cerceda ao ano, divididos entre os seus 27 veciños, dá unha media de 5,2 reais por veciño, mentres que en Cabreiros - a menos poboada - o cociente é de 3,2, facendo un total de 39 reais de vellón anuais. Xunto coa vasalaxe aparece o pedido, carga habitual nas terras do Condado de Lemos, que se lle engadía á primeira cando era pagada en especie, caso que non é o que aquí se especifica. Se asumimos que se repartía entre os veciños “según el caudal de cada uno”⁵⁴, eran os corgueses de San Xoán os que gozaban dun maior “poder adquisitivo” e, por tanto, os que debían satisfacer un pedido máis alto, de 9 reais e 17 marabedís. En Cerceda, pola contra, non se contribuía ao pedido.

Nas preguntas 15 e 16 detállanse as cargas fiscais, sobre todo de tipo eclesiástico. A que máis importancia tiña era o décimo, que se pagaba en especie entregando unha décima parte de todos os froitos da terra e tamén, como xa veremos, dalgúns produtos non agrícolas, que nas provincias galegas do interior tiñan moita importancia. Así, o décimo dependía de todo o que entrase a formar parte do pago, da propia estrutura agraria e do produto comercial da parroquia en cuestión. Beneficiaba, sobre todo, ao clero parroquial, aínda que outros sectores do clero, da nobreza, da fidalguía e institucións de moi distinto tipo, foron facéndose con el⁵⁵. As nosas freguesías supoñen un exemplo perfecto de percepción fraccionada do décimo. En Santa Mariña de Cabreiros, cada veciño pagaba unha décima parte de todas as

(49) EIRAS ROEL, A. “El Régimen señorial...”

(50) FERNÁNDEZ CORTIZO, C. “Arrieros y traficantes en la Galicia rural de la Época Moderna”. *Obradoiro de Historia Moderna*, 2008, nº17, pp. 325-352.

(51) VILLARES, R. *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*. Madrid: Siglo Veintiuno de España, 1982.

(52) CAMARERO BULLÓN, C. “El Catastro de Ensenada...”

(53) EIRAS ROEL, A. “El Régimen señorial...”

(54) AGS, CE, RG, Lib. 173, Leg. 302.

(55) REY CASTELAO, O. “El reparto social...”

especies, e tamén dos cordeiros e dos leitóns, así como 16 marabedís máis por cada un que criase polos. Disto lucrábanse catro persoas diferentes: o cura párroco obtiña a parte correspondente aos lugares de Vocelo e Santa Mariña, e a metade dos demais lugares da freguesía. O cura de Laxosa levaba o 50% dese restante, e a outra metade pertencíalle a Francisco Ribera, de San Vicente de Carracedo⁵⁶, e a Domingo Álvarez de Villares, de San Martín de Cobas⁵⁷. En total, o valor do décimo en Cabreiros ascendía a 400 rs.v. en períodos quinquenais. Exceptuando o clero parroquial,




Ilustración 7. Lámina do Libro Real de Eclesiásticos na que se detallan os bens patrimoniais de Juan Díaz Toirán, presbítero de San Estevo de Folgosa.
AHPL, Real Intendencia de Galicia, Catastro de Ensenada, 10203-13, Folio 5.

outros perceptores do décimo son Melchor Borruel, presbítero de Madrid, que gozaba da metade do de S. Xoán do Corgo; Bernardo Ribera, de Santiago, que recollía unha oitava parte en nome dos herdeiros de Francisco Pardo; e a propia Condesa de

Lemos, que obtiña 50 rs.v. anuais en Cerceda, a mesma cantidade que o cura. Se ben a nobreza galega contaba cunha porcentaxe moi reducida do total do décimo que se pagaba en Galiza nun número bastante reducido de localidades, a casa de Lemos reunía a metade do total de toda a nobreza titulada.

O gravame que se detalla a continuación é o Voto de Santiago, renda moi impopular que supoñía o pago dunha determinada cantidade de centeo (tres cuartos de ferrado no caso de Cabreiros, Corgo e Folgosa e medio ferrado en Cerceda). A súa orixe estaba na suposta aparición do apóstolo Santiago na batalla de Clavijo (844), que sería determinante para a vitoria dos cristiáns fronte aos musulmáns. En agradecemento, o rei Ramiro I prometeu o pagamento dun canon de todos os seus vasallos ao actual patrón de España. A xesta quedou plasmada no chamado "Privilexio dos votos", que non é mais que unha falsificación que serviu para darlle lexitimidade a unha renda⁵⁸ que converteu ao Cabido de Santiago no terceiro máis rico de España despois do de Toledo e o de Sevilla. Porén, non só o cabido compostelán percibía esta renda, tamén os outros cabidos galegos.

O máis salientable de todo é, precisamente, a figura que percibía o Voto en tres das catro parroquias que se tratan: o arcediago de Nendos, a terceira dignidade en antigüidade da sé compostelá⁵⁹. A súa importancia queda resumida polo gran Álvaro Cunqueiro⁶⁰ nunha sentenza contundente: "... qué maravilla ser arcediano de Nendos en el cabildo compostelano: el mejor enchufe a que un gallego ha podido aspirar del siglo XIII al XVIII." Isto non deixaría de ser un dato máis se non fose polo feito de que a área de percepción do arcediago correspondía á antiga provincia da Coruña e á parte sur da de Betanzos⁶¹. Unha ollada máis profunda á cuestión do Voto no concello do Corgo puxo de relevo que son as parroquias da xurisdición de Adai as que lle pagan ao arcediago, feito que non ocorre no caso de Cerceda e o resto de

(56) Parroquia do concello de Láncara.
(57) Parroquia do concello de Ferrol.

(58) REY CASTELAO, O. "El voto de Santiago en tierras de Tabeirós". *A Estrada: miscelánea histórica y cultural*. 2011, nº 14, pp. 155-173.
(59) IGLESIAS ORTEGA, A. *El cabildo catedralicio de Santiago de Compostela en el siglo XVI: aspectos funcionales y sociológicos de una élite eclesiástica*. Tese doutoral. Departamento de Historia Medieval e Moderna. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela, 2010.
(60) CUNQUEIRO, A. "El pasajero en Galicia: Betanzos". *Anuario Brigantino*. 1951, nº 3, pp. 46-47.
(61) REY CASTELAO, O. *El Voto de Santiago en la España Moderna* (tese doutoral parcialmente inédita). Departamento de Historia Medieval e Moderna. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela, 1984.

freguesías da xurisdición de Pobra de San Xiao, cuxo voto iría para a Igrexa de Santiago. Neste senso, sacar unha conclusión tallante requiriría dun estudo moito máis pormenorizado, pero o que si está claro é que, ao igual que no caso doutros impostos, o máis común era que as áreas de percepción non fosen uniformes. Se a iso sumamos a gran cantidade de preitos á que tivo que facer fronte o cabido de Santiago pola base totalmente ficticia do Voto, a presenza do arcediogo cobraría máis sentido.

Para rematar coas cargas fiscais de tipo eclesiástico, a primicia era unha carga que rememoraba os primeiros froitos que se lles daban aos sacerdotes, e que só era satisfeita polos veciños de Cerceda, que pagaban un ferrado de centeo á fabrica da Igrexa parroquial⁶².

Son fundamentais, tamén, os servizos que se pagaban á Coroa, o “*servicio ordinario*” e “*extraordinario*”, dos que se ocupa a pregunta 27. A recadación destes impostos delegábase nas xurisdicións, que as repartían entre os diferentes veciños, ora en función da súa riqueza, ora por igual. Pese a que a valoración que deles fai o Catastro pode chegar a ser moi confusa, Eiras Roel⁶³ apunta a que, no caso do Corgo - entre outros - non se satisfacía ningunha outra carga real. Estes pagamentos adoitaban ser de un real de vellón por veciño pero, ao igual que acontecía co dereito de vasalaxe, a proporción neste caso é maior: 1,9 en S. Xoán do Corgo; 2,1 en Cabreiros; 3,3 en Folgosa e 3,7 en Cerceda.

Outros impostos que aparecen son a “*sis*a” (xa explicada no apartado 3.2.2.) no caso de Folgosa e un arrendamento da alcabala enaxenada á Condesa de Lemos, en Cerceda. Ingreso clave na Coroa de Castela, a alcabala consistía no pagamento dunha porcentaxe de todo o que se vendese ou permutase en todo o territorio, e tamén acabou por ser percibida por outros sectores á marxe da Facenda Real. Neste caso, só os nobres de máis alto rango percibían a alcabala, entre eles a propia Condesa de Lemos, que percibía as alcabalas do 40% dos seus vasalos, feito que de seguro contribuíu á conformación dos señoríos máis lucrativos de toda a alta nobreza galega, obtendo de media 5,5 rs.v. dos seus vasalos, incluíndo o cobro deste gravame⁶⁴.

Finalmente, é necesario facer mención ao pago das pensións, ao que se fai alusión nas respostas á pregunta 14. Nela, dáse o prezo do ferrado de trigo (4 reais nas freguesías que nos ocupan da xurisdición de Adai) ligado a este gravame, que implica un acordo entre o propietario da terra e o que fai uso dela, pero do que non se achega ningunha información máis.

As Respostas Xerais de Folgosa e Cerceda, o equipo catastrador engadiulles un anexo que satisfaría unha necesidade que non estaba contemplada en ningunha das preguntas do Interrogatorio sobre o arrendamento das terras do clero. Así, mentres que en Folgosa as condicións eran sinxelas, sendo a metade dos produtos da terra para os propietarios e a outra para os que ostentan o usufruto, en Cerceda dependía do tipo de terra. Nas terras de sementeira de secaño, os prados, as hortas, os soutos, as devesas e as alamedas unha terza parte correspondíalle ao dono, e dúas terzas, ao labrego, namentres que no caso dos montes, a proporción para os veciños era moito máis vantaxosa, quedando eles con catro quintas partes.

4. CONCLUSIÓN

Retomando a pregunta de Xiz sobre as posibles peculiaridades das xentes do Corgo, podemos concluír que, se ben as parroquias presentan as características básicas e as deficiencias endémicas do interior da provincia de Lugo - agricultura tradicional e pouco produtiva e gandería como complemento ineludible da mesma -, sempre se atopan datos que reflicten certas diferenzas e características propias dentro dunha homoxeneidade que parece inalterable. Así, percíbense numerosas particularidades no paso dunha xurisdición a outra, a nivel demográfico, administrativo e económico en todas as súas variantes.

Moi ao noso pesar, a presenza de pazos non achega ningún tipo de dato especial a primeira vista, mais o complicado enxame xurisdiccional no que se encadran as freguesías, e os moi diferentes graos e pesos das familias fidalgas dificultan avaliar cal foi a súa incidencia real. A partir deste




Ilustración 8. Detalle dunha das páxinas das *Respuestas Generales* de San Xoán do Corgo. AGS, CE, RG, Lib. 173, Leg. 306.

(62) CAMARERO BULLÓN, C. El Catastro de Ensenada...

(63) EIRAS ROEL, A. "El Régimen señorial..."

(64) EIRAS ROEL, A. "El Régimen señorial..."

punto debería conformar unha nova liña de investigación que afondase na evolución das familias fidalgas presentes no Corgo ou que tiveron relación co concello.

1. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

San Xoán do Corgo: AGS, CE, RG, Lib. 173, Legs. 301-312; Santo Estevo de Folgosa: AGS, CE, RG, Lib. 175, Legs. 165-178; Santa Mariña de Cabrerios: AGS, CE, RG, Lib. 170, Legs. 757-767; San Pedro de Cerceda: AGS, CE, RG, Lib. 172, Legs. 499-512. Consultado a través do Portal de Archivos Españoles, en <http://pares.mcu.es/Catastro/>.

ABUÍN ARIAS, J. *Historia de Corgo*. Deputación de Lugo, 2000.

ABUÍN ARIAS, J. e GONZÁLEZ DÍAZ, J. "O pazo do Corgo". *CORGA*, 2011, Nº 2, pp. 46-57.

ARIAS VILAS, F., NOVO CAZÓN, J.L., BURGO LOPEZ, C. e SOUTO BLANCO, M.J. *Historia de Lugo*. A Coruña: Vía Láctea, 2001.

BALBOA, X. *O monte en Galicia*. Vigo: Xerais, 1990.

CAMARERO BULLÓN, C. "El Catastro de Ensenada, 1749-1759: diez años de intenso trabajo y 80000 volúmenes de manuscritos". *Catastro*, 2002.

CAÑADA, S. *Gran Enciclopedia Galega*. Pontevedra: El Progreso Diario de Pontevedra, 2003.

CONCELLO DO CORGO. *Web municipal*. www.concellodocorgo.net/ (consultado o 23/Abril/2013).

CUNQUEIRO, A. "El pasajero en Galicia: Betanzos". *Anuario Brigantino*. 1951, nº 3, pp. 46-47.

DOMINGUEZ ORTIZ, A. "El Catastro de Ensenada en su circunstancia". *Catastro*, 2002.

DONEZAR DIEZ DE ULZURRUN, J.M. "El Catastro de Ensenada y su proceso de formación (1750-1760)". *Revista de la Facultad de Geografía e Historia*, 1989, nº 4, pp. 207-224.

EIRAS ROEL, A. "El Régimen señorial en Galicia a finales de la Edad Moderna: evaluación". *Obradoiro de Historia Moderna*. 1997, nº 6, pp. 7-49.

FERNÁNDEZ PRIETO, L (Ed.). *Terra e Progreso. Historia agraria da Galicia Contemporánea*. Vigo: Xerais, 2000.

FERNÁNDEZ CORTIZO, C. "Arrieros y traficantes en la Galicia rural de la Época Moderna". *Obradoiro de Historia Moderna*, 2008, nº17, pp. 325-352.

GALÁN ROJO, E.M. "La Condesa de Lemos: Poder e Ilustración". En: FERRER BENIMELI, J.A. (dir.); SARASA, E; SERRANO, E (coords.) *El conde de Aranda y su tiempo*. Vol. I. Zaragoza: Institución Fernando el Católico. CSIC, 2000.

GALLEGO DOMINGUEZ, O. "Las tabernas orensanas como monopolio y bienes del común en el Antiguo Régimen". *Boletín auriense*. 1996, nº XXVI, pp. 123-144.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, J.M. "La justicia local y territorial en la Galicia del Antiguo Régimen". *Obradoiro de Historia Moderna*. 1995, nº4, pp. 233-254.

GONZÁLEZ LOPO, D.L. Apuntes da materia da Licenciatura de Historia na Universidade de Santiago de Compostela "Fundamentos de historia social e económica". Documento policopiado, 2007.

IGLESIAS ORTEGA, A. *El cabildo catedralicio de Santiago de Compostela en el siglo XVI: aspectos funcionales y sociológicos de una élite eclesiástica*. Tese doutoral. Departamento de Historia Medieval e Moderna. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela, 2010.

PEREIRA OLIVEIRA, M.D. (Coord) *O Catastro do Marqués de la Ensenada*. Lugo: Arquivo Histórico Provincial, Xunta de Galicia, 2005.

REAL ACADEMIA GALEGA. *Diccionario da Real Academia Galega*. 2012. <http://www.realacademiagalega.org/diccionario#inicio.do> (Consultada o 23/abril/2013).

REY CASTELAO, O. *El Voto de Santiago en la España Moderna* (tese doutoral parcialmente inédita). Departamento de Historia Medieval e Moderna. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela, 1984.

REY CASTELAO, O. "El reparto social del diezmo en Galicia". *Obradoiro de historia moderna*. 1992, nº 1, pp. 145-162.

REY CASTELAO, O. "El voto de Santiago en tierras de Tabeirós". *A Estrada: miscelánea histórica e cultural*. 2011, nº 14, pp. 155-173.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, P. "La administración de las rentas provinciales en la Galicia del siglo XVIII". *Semata*, 2004, nº 15, pp. 395-413.

SAAVEDRA VÁZQUEZ, M.C. "Las instituciones políticas gallegas en época moderna: estado de la cuestión". *Semata*, 2004, nº 15, pp. 131-163.

SIMÓN LÓPEZ, M. "De Monforte a Sicilia: notas sobre las rentas de la Casa de Lemos en el siglo XVIII". En: SARASA SÁNCHEZ, E; SERRANO MARTÍN, E. (eds.) *Señorío y feudalismo en la Península Ibérica*. Vol. III. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, 1993.

SOBRADO CORREA, H. *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna: economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001.

SOBRADO CORREA, H. "Transformaciones agrarias, estrategias hereditarias y crecimiento demográfico en las tierras lucenses, 1750-1860". *Obradorio de Historia Moderna*, 1998, nº 5, pp. 7-40.

SOBRADO CORREA, H. "Economía campesina, prácticas sucesorias desigualitarias y familia troncal en la Galicia de la Edad Moderna". *Obradorio de Historia Moderna*, 1998, nº 7, pp. 201-224.

VILLARES, R. *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*. Madrid: Siglo Veintiuno de España, 1982.

XIZ, X. *O Corgo, amplo horizonte*. Concello do Corgo.